



Nº 42 - 2020



www.cig.gal

# Boletín Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

## Por unha saída galega e xusta da crise

A crise sanitaria da Covid-19 converteuse xa nunha profunda crise económica e social, cando o pobo galego viña dunha grave recesión que aínda non estaba superada. Mais os efectos da pandemia non son os mesmos nin para todas as clases sociais, nin para todos os pobos e nacións.

Nestes meses evidenciáronse as eivas, fracasos e inxustizas do capitalismo, que priorizou o vigor da economía deixando na máis absoluta desprotección social e sanitaria a cada vez máis sectores das clases populares. Puxo ademais ás claras as consecuencias da globalización baseada na deslocalización dos procesos produtivos dos bens e servizos e a dependencia que os estados teñen das empresas privadas para acceder a produtos esenciais.

Por iso a CIG vén de elaborar unha batería de propostas para a recuperación económica e industrial e a creación de emprego digno na nosa terra, con políticas que non supoñan, máis unha vez, saquear a clase traballadora. Un intenso calendario a desenvolver nos próximos meses, no marco da campaña coa que se darán a coñecer estas propostas recollidas nun documento que será trasladado ao Goberno español, á Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares para a súa toma en consideración.

Está en xogo o noso futuro porque en Galiza estabamos de cheo xa nunha crise social, industrial e demográfica –empeorada pola incesante emigración– que agora se ve agravada por esta nova realidade.

Unha situación á que contribuíu a Xunta de Galiza coa súa inacción e con políticas suicidas de desenvolvemento económico consistentes, case en exclusiva, na eucaliptización do país a favor da industria pasteira e no fomento insostíbel do sector servizos, nomeadamente do turismo e do Camiño de Santiago, mentres se desmantelan actividades



estratéxicas e perdemos sectores produtivos completos.

Unha desfeita acelerada polo proceso de dixitalización e descarbonización da economía que en Galiza está sendo, en realidade, unha auténtico proceso de reconversión con consecuencias dramáticas para comarcas enteiras e sen que haxa políticas de reindustrialización para o asentamento de novos sectores, nin para pechar os ciclos produtivos.

### Galega e xusta

Precisamos dunha saída galega e xusta da crise superando as políticas neoliberais; defendendo un desenvolvemento galego propio; asegurando financiamento público; abordando unha profunda reforma fiscal, que grave as grandes fortunas e as grandes empresas, así como a intervención pública de sectores estratéxicos da economía, hoxe en mans privadas (banca, eléctricas, etc.).

E precisamos comezar por recuperar o autogoberno para sermos quen

de levar adiante todo un sistemático e completo paquete de políticas públicas que concentren todos os recursos a favor das maiorías sociais, única maneira real de garantir unha protección social plena, sen exclusións, o dereito ao emprego, salarios e ingresos digno para toda a clase traballadora. Por iso, hoxe máis ca nunca, cómpre reivindicar o dereito a decidir do pobo galego é vital para facer fronte eficazmente á crise.

Unha saída á crise pasa tamén pola loita, o combate e a mobilización, porque os dereitos conquístanse, non os regalan nin se mercan. Nin se mercadea con eles nese invento do “diálogo social” que pretende suplantar o protagonismo da clase traballadora impondo antidemocraticamente medidas de recorte e facilitando solucións que favorecen o capital.

A loita é agora por saír desta crise creando as bases para un cambio de sistema no camiño de avanzar cara a unha Galiza ceibe e sen explotación.

# Principais propostas para unha saída galega e xusta da crise

Consulta todas as propostas da CIG fronte á crise en [www.cig.gal](http://www.cig.gal)

No primeiro apartado do documento da CIG recóllense propostas transversais para afianzar a intervención pública nos sectores produtivos estratéxicos e no financeiro, para que o noso desenvolvemento non estea ao capricho das decisións empresarias. A central aposta pola creación dunha Banca Pública Galega e dun Instituto da Empresa Pública Galega, polo retorno ao sector público das empresas privatizadas, pola nacionalización de industrias como Alcoa San Cibrao e Alu Ibérica, pola formalización dun concerto económico entre o Goberno galego e o español ou pola xestión directa da Xunta dos fondos europeos destinados ao noso país.

Así mesmo, recóllense propostas para lograr unha fiscalidade progresiva e máis xusta, dar estabilidade e aumentar a inversión en I+D+I e para a defensa e a mellora dos servizos públicos, con especial atención ao ensino, á sanidade e aos cuidados.

De cara a afrontar un proceso de transición enerxética pensado dende Galiza e xusto para o noso territorio, a CIG defende a creación dunha tarifa eléctrica propia, a racionalización da xestión do monte, a creación dunha empresa pública galega de electricidade que xestione as centrais hidroeléctricas, a inclusión de Galiza no Plan de Acción Urxente para Países do Carbón e Centrais Pechadas 2019-2021 en igualdade de condicións que outras comunidades ou a aprobación dos convenios de transición xusta para As Pontes e Meirama.

Como tamén que se vincule obrigatoriamente a implantación dos parques eólicos con criterios ambientais e sociais e se asocien ao desenvolvemento de plans industriais, así como que se potencie a participación pública nestas instalacións.

Para garantir o futuro dun sector tan importante para Galiza como o de carburantes e a automoción, a CIG insta a aprobación dun Plan de Transición para facer fronte ao proceso de descarbonización e a creación dunha Mesa Galega da Automoción (MGA) integrada polo clúster empresarial, os sindicatos e as tres universidades.

## Dereitos laborais e sociais

Para outra actividade fundamental como a construción naval, a CIG propón a creación do Complexo Integral da Ría de Ferrol que abrangue todas as áreas relacionadas coa construción naval tanto militar como civil; e no caso de Vigo, conformar un holding entre os estaleiros, empresas auxiliares e compañías transformadoras do metal, con participación pública e privada, e dando solucións duradeiras a Barreras e Vulcano.

De igual maneira, recóllense unha serie de propostas para o fomento e apoio aos sectores da construción, agrogandeiro, pesqueiro, conserva, forestal, comercio e turismo, para a dotación e mellora das infraestruturas e para conseguir unha mobilidade de persoas e mercadorías sen emisións.

O documento contén tamén numerosas medidas en materia de recuperación de dereitos laborais e sociais. Unha lexislación que recoñeza novos dereitos, a comezar pola derogación das reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e do desemprego, de 2010 e 2012; así como accións para dotar o teletraballo de condicións dignas e unha conciliación con dereitos diante das necesidades de cuidados xeradas pola pandemia.

En relación a isto, a central propón a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas, integrado por unha única rede que aglutine as actuais residencias, centros de día e servizos de axuda no fogar que sexa 100% de xestión pública e que estea dotado suficientemente tanto de infraestruturas e material como de persoal.



## FRONTE Á CRISE

## SAÍDA GALEGA XUSTA



# A solución para Alcoa San Cibrao non está no xulgado, senón nas decisións dos Gobernos

As adopción de medidas cautelares constitúe un paso máis no proceso de loita contra os plans de peche de Alcoa, pero a solución definitiva está na intervención pública da fábrica e esa é unha decisión política que teñen que tomar o Goberno español e a Xunta de Galiza, atendendo así ao clamor da Mariña pero tamén aos pronunciamentos aprobados no Congreso e no Parlamento galego.

Para o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, na vista das cautelares celebrada o 28 de outubro no TSXG quedou demostrada a falta de motivación e a mala fe de Alcoa neste proceso de despedimentos e, en particular, en todo o referido á decisión de parar as cubas de electrólise. “É obvio que Alcoa non ten máis preocupación que pechar a fábrica e evitar que se poida continuar coa produción de aluminio primario en San Cibrao, sen importarlle o desastre industrial e a destrución de postos de traballo que provoca”, denuncia.

Pero permitirle á multinacional parar as cubas significaría un dano irreversible nas capacidades produtivas e lastraría unha solución de futuro.



Neste senso, Carril insiste que a saída para a fábrica “non está no xulgado como tampouco estaba na mesa do ERE, senón na actuación política dos Gobernos”. Por iso salienta a importancia de reunir a Mesa Multilateral e que se concrete un calendario de actuacións para a intervención efectiva da planta por parte da SEPI.

Reitera que este conflito é a demostración palpábel de que “somos

vítimas da reforma laboral, pois de terse derogado, Alcoa non podería decidir unilateralmente sobre a aplicación do ERE e a parada das cubas”. De igual xeito, para Carril salta á vista a necesidade de cambiar as políticas para que sectores estratéxicos da economía sexan xestionados dende o público e non estean ao arbitrio de decisión de grandes corporacións multinacionais.

## O deseño dos contratos do transporte en autobús augura novos conflitos no sector

O deseño dos contratos do transporte de viaxeiros/as por estrada da Xunta de Galiza augura unha alta conflictividade no sector, tendo en conta que favorece as UTE instrumentais integradas por numerosas empresas (até 12 compañías) para servizos que en moitos casos só precisan de 9 traballadores/as. O grave deste modelo é que a Administración non permite que estas UTE teñan tarxeta de transporte ao non teren entidade xurídica propia, polo que tampouco poden contratar persoal nin dispor de vehículos.

“Isto provoca que as UTE non teñan cadros de persoal propios, senón que cada empresa contrata un número pequeno de traballadores/as,

imposibilitando que haxa representación sindical e limitando así a capacidade de resposta e acción do sector”, advirte o responsábel de Transporte da FGAMT-CIG, Xesús Pastoriza, quen acusa a Xunta de actuar politicamente para favorecer os intereses patronais.

Unha manobra moi ben estudada, salienta, tendo en conta a deficiente dotación económica dos contratos e a previsíbel tentativa das empresas de cargar a diferenza de custos sobre o persoal. A CIG xa presentou denuncia na Comisión da Competencia para que investigue se este tipo de contratos vulnera a lexislación “pois na práctica o que ocorre é que se está

deixando todo o sector en mans de 2 ou 3 grandes compañías que se reparten o mercado”.

Neste intre, hai conflito aberto nas UTE 811 e 846 (que fan as rutas Santiago-Carballo-Costa da Morte e zona Betanzos-Curtis, respectivamente), que subrogaron o persoal que xa estaba no servizo sen respectarlle as condicións previas, malia que así o establece o convenio colectivo. En resposta, a CIG convocou folga indefinida, que fica suspendida á espera do que pase na mediación iniciada no CGRL. Pastoriza critica tamén a actitude da Dirección Xeral de Mobilidade “que se inhibiu completamente da problemática”.



# Descoidar a quen coida é violencia machista

## A CIG conmemora o 25N denunciando o abandono por parte dos Gobernos a quen exerce traballos de coidados

A CIG centrará a conmemoración deste 25 de Novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, en denunciar que, a pesar de que a crise sanitaria puxo en evidencia a importancia dos coidados, estes non foron nin están a ser obxecto dunha protección especial.

“Dende a CIG levamos anos reclamando que se dean ás tarefas de coidados o valor real que teñen como traballos esenciais para a sociedade”, explica a secretaria confederal das Mulleres da CIG, Margarida Corral, quen engade que por esta razón o lema escollido este ano é “Descoidar a quen coida é violencia machista”.

### Os coidados, tarefas fundamentais

Se o 8 de Marzo xirou en torno á necesidade de pór os coidados no centro das políticas públicas, “porque sen coidados non hai vida”, unha semana despois “a emerxencia sanitaria confirmaba a actualidade desta reivindicación, ao evidenciarse a importancia fundamental do traballo doméstico e de coidados”, mais tamén ao quedaren as mulleres expostas de maneira desproporcionada ao virus, dado o seu papel predominante como coidadoras no ámbito familiar e como traballadoras nos sectores sanitario, sociosanitario, limpeza, comercio, empregadas do fogar, etc.

Ademais, o peche dos colexios e centros asistenciais traducíuse nunha sobrecarga do traballo non remunerado -con especial incidencia nas familias monoparentais-, “deixando en evidencia que a corresponsabilidade dos homes non é tal”. Como consecuencia, sinala Corral, “foron de xeito maioritario as traballadoras quen asumiron ou ben recortes nos seus salarios ao teren que reducir en parte ou totalmente a súa xornada para prestar estes coidados, ou ben duplas ou triplas xornadas ao adoptar o teletraballo como medida de conciliación”.



liación”. Mención á parte das traballadoras dos servizos esenciais ás que non se lles permitiu sequera facer uso dos mínimos dereitos de conciliación.

“Pero o Goberno español e a Xunta non adoptaron medidas para mudar esta situación, nin sequera para alixeirar esa sobrecarga de traballo físico e psicolóxico que asumimos as mulleres. A pesar de ser o piar do sistema de coidados non fomos, nin somos, obxecto dunha protección especial, nin se puxeron en marcha políticas públicas para reducir a fenda de xénero, reforzar e revalorizar as profesións relacionadas cos coidados, nin se legislou para garantir os dereitos de coidados das persoas”, denuncia. E isto é así “porque foi o capital quen xestionou a crise sanitaria e quen ditou a resposta a esta”.

No camiño contrario, Corral demanda un incremento substancial

do investimento público en coidados e reforzar tanto o sistema de saúde como o de atención ás persoas, dotándoo co persoal necesario e rematando coa precariedade que caracteriza estas profesións.

### Sistema Público de Atención

Neste sentido, a CIG ten en marcha unha campaña en demanda dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas, porque os recursos e os servizos sociais teñen que deixar de ser unha actividade residual, socialmente pouco valorizada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerado un servizo esencial para a cidadanía a prestar pola administración pública galega en condicións de calidade asistencial para as persoas usuarias e con condicións de traballo dignas e estábeis para as persoas traballadoras.

### Concentracións 25 de Novembro

- **A Coruña: Delegación do Goberno, ás 12h.**
- **As Pontes: Praza do Hospital, ás 12h.**
- **Compostela: Complexo Administrativo de San Caetano, ás 12h.**
- **Ferrol: Edificio da Xunta, ás 12h.**
- **Lugo: Subdelegación do Goberno, ás 12h.**
- **Ourense: Subdelegación do Goberno, ás 12h.**
- **Pontevedra: Subdelegación do Goberno, ás 12h.**
- **Ribeira. Praza do Concello, ás 11:30h**
- **Vigo: Edificio da Xunta, ás 12h.**
- **Vilagarcía: Servizo Galego de Colocación, ás 12h.**